

# RESUMO DE CONTIDOS

**Quen ten boca,  
ten pódcast!**

Lingua Galega e Literatura  
2º ESO



## Índice

A novela .....	2
A semántica.....	4
O texto expositivo.....	6
O mapa conceptual.....	7
A voz activa e a pasiva.....	7
O significado literal e figurado.....	8
As oracións predicativas e impersonais.....	8
Os textos xornalísticos.....	9
O debate.....	10

## A novela

### Que é unha novela?

Unha **novela** é un tipo de subxénero narrativo que consiste na narración ficticia dunha historia, onde interveñen personaxes en lugares e tempos variados. As novelas escríbense en prosa.

### Elementos da novela

#### Personaxes:

- Planos: personaxes que teñen unha descrición sinxela.
- Redondos: personaxes que se describen tanto física como psicolóxicamente con moito detalle.
- Antagonistas: que se opoñen ao protagonista ("os malos da película").

#### Espazos:

- Abertos: que non están delimitados. Exemplos: bosque, praza, praia etc.
- Pechados: que están delimitados. Exemplos: aula, laboratorio, igrexa etc.

#### Narrador:

- Testemuña: que presencia os feitos mais non é o protagonista.
- Omnisciente: que non é protagonista nin testemuño dos feitos mais sabe todo o que acontece na historia e tamén o que pensan os personaxes.
- Obxectivo: que non é protagonista nin testemuño, conta os feitos dende fóra.

#### Tempo:

- Analepse: salto no tempo cara ao pasado (lembranzas).
- Prolepse: salto no tempo cara ao futuro (soños).

## Subxéneros da novela

Ademais da novela, no xénero narrativo existen tamén outros subxéneros, é dicir, diferentes maneiras de levar a cabo a narración. A continuación, veremos catro deles: o conto, a fábula, o mito e a lenda.

- **O conto:**

- Adoita ser unha narración **breve**, que conta feitos **ficticios**, é dicir, feitos inventados que non corresponden coa realidade.
- A característica principal deste subxénero narrativo é que consiste nunha historia protagonizada por un **número reducido de personaxes** e que se resolve nun período **curto de tempo**.
- Como en calquera texto narrativo, contan cun **narrador** que relata unha historia ocorrida a uns **personaxes** nun **espazo** e un **tempo** determinados.
- Os contos poden ser de diferentes tipos: contos **marabillosos** (como os de "Carapuchiña vermella" ou "Os tres porquiños"), **realistas**, **de terror**...

- **A fábula:**

- A súa característica fundamental é que está protagonizada por **animais** e busca transmitir unha **ensinanza final** de carácter moral.
- Adoitan estar relatadas por un **narrador omnisciente** que coñece todo o que pensan e senten os personaxes.
- Algunhas fábulas moi coñecidas son, por exemplo: "A tartaruga e a lebre" ou "A galiña dos ovos de ouro".

- **O mito:**

- Tipo de relato que ten como peculiaridade a súa relación coa **tradición do pobo** que o creou.
- Normalmente, pretenden **dar resposta** a cuestións como a orixe dese pobo, a creación do ser humano, a explicación de fenómenos atmosféricos etc.
- Este tipo de texto está protagonizado por **personaxes fantásticos** e ambiéntanse nun **tempo anterior á existencia do ser humano**.
- Por exemplo, a **tradición grega** conta con numerosos mitos clásicos, que explican aspectos como a chegada do lume á Terra, e que adoitan estar protagonizados polos deuses e por heroes como Hércules.

- En **Galiza** tamén contamos con mitos moi presentes na nosa tradición oral como, por exemplo, o das mouras. Estas son seres representados como mulleres fermosas, cunha orixe descoñecida, que adoitan vivir en lugares como bosques ou covas e que, xeralmente, teñen a misión de custodiar e protexer algún tesouro ou elemento especialmente valioso.

- **A lenda:**

- Un tipo de texto narrativo que forma parte da tradición oral dalgún pobo, o que quere dicir que son **transmitidas oralmente** de xeración en xeración.

- Os personaxes das lendas adoitan ser **sobrenaturais** (criaturas imaxinarias, ánimas, heroes...) e adoitan dar **explicación a algún fenómeno**.

- A diferenza dos mitos, as lendas adoitan estar ambientadas nun **lugar xeográfico coñecido** e nun **momento concreto** da historia. Estes últimos dous aspectos constitúen a principal diferenza entre mito e lenda.

- Unha das lendas máis coñecidas da nosa tradición é, por exemplo, a da Santa Compaña.

## A semántica

A **semántica** é a disciplina da lingüística que estuda os **significados** das palabras e é xusto aí onde nos temos que parar a analizar as **relacións** que se establecen entre elas.

### Sinonimia

Aquelas palabras que comparten o mesmo significado.

- **Sinónimos absolutos:** son palabras cuxo significado é equivalente en calquera contexto. Ex.: bágoa-lágrima.
- **Sinónimos parciais:** palabras que comparten algún significado, pero non todos. Isto vai implicar que non sempre poidamos intercambiar unha pola outra. Ex.: branco- cano.

O emprego de sinónimos pode resultar un recurso moi útil para evitar repetir unha mesma palabra nun texto. Ex.: O galego é a nosa lingua / Este idioma é parte da nosa esencia.

## Antonimia

Son aquelas palabras con significados contrarios. Por exemplo: abrir- pechar.

## Polisemia

As palabras polisémicas son aquelas que teñen máis dun significado, polo que eses significados adoitan manter relacións entre si. Ex.: moeda: 1. 'Peza de metal con valor económico'. 2. 'Divisa empregada nun determinado territorio'

Ao buscar unha palabra polisémica no dicionario, cada significado aparecerá numerado debaixo da mesma entrada.

## Homonimia

Son palabras diferentes (proceden de diferentes raíces latinas) que teñen a mesma aparencia. Isto implica que os seus significados non teñen ningún tipo de relación entre si. Por exemplo: real: 1. 'Que é certo, que existe de verdade'. 2. 'Que está relacionado coa realeza'

As palabras homónimas recóllense no dicionario en entradas diferentes.

## Hiperonimia

Os hiperónimos son palabras que designan un conxunto de realidades, mentres que os hipónimos son cada un dos elementos que forma parte dese conxunto. **Hiperónimo**: Redes sociais. **Hipónimo**: Tiktok, Instagram...

Ademais, os hipónimos dun mesmo campo semántico (Instagram, Tiktok...) son cohipónimos entre si.

## O texto expositivo

### Finalidade

- a. Informar, ensinar ou axudar a comprender un tema.
- b. Empregar claridade e obxectividade, isto é, non dá a opinión.
- c. Ámbito habitual: revistas científicas/divulgativas, libros de texto, apuntamentos, ensaios...

### Trazos lingüísticos

Substantivos abstractos → educación, xustiza, igualdade...

Oracións impersoais → Hai saídas laborais excelentes nos ciclos.

Tempo verbal dominante: presente de indicativo → existen, logra, hai... (A comarca da Ulloa sitúase en Lugo)

Tecnicismos → módulos, competencias, avaliación...

Parénteses → exemplificacións, aclaracións, precisións.

### Estrutura

Estrutura habitual: encadrada

- ☐ Introducción: presenta o tema.
- ☐ Desenvolvemento: información máis relevante.
- ☐ Conclusión: peche do tema.

### Tipos de texto

- **Divulgativos:** tema de interese xeral. Dirixidos a público non especializado. Aparecen en medios de comunicación e materiais educativos.
- **Especializados:** tema técnico e concreto. Dirixidos a público iniciado ou experto. Vehículos habituais: revistas especializadas, ensaios.

## O mapa conceptual

Un mapa conceptual é unha ferramenta gráfica que pode ser de gran axuda á hora de estudar ou entender mellor un tema concreto, serve para organizar e representar de maneira visual unha serie de coñecementos. Adoita estar pensado pra axudarnos a comprender certos conceptos.

## A voz activa e a voz pasiva

### Voz activa

- O suxeito realiza a acción.
- Estrutura: suxeito+ verbo+complemento directo.
- Exemplos: os bombeiros apagan o lume. Os bombeiros (suxeito) apagan (verbo) o lume (CD).

### Voz pasiva

- O suxeito non fai a acción, senón que a recibe.
- Ás veces aparece quen fai a acción, chamado complemento axente, aínda que pode omitirse.
- Estrutura: Suxeito paciente+ verbo ser+ participio+ (por+axente).
- Exemplos: o lume foi apagado polos bombeiros. O lume (suxeito paciente) foi apagado (verbo en pasiva) polo gato (axente).

### Como pasar de activa a pasiva:

1. O complemento directo da activa pasa a ser suxeito na pasiva.
2. O suxeito da activa pasa a ser axente (introducido por por)
3. O verbo cambia a: ser+ participio.

## O significado literal e figurado

Non é o mesmo dicir algo tal cal é que como o imaxinamos. Deste xeito e seguindo de preto co que queren dicir as palabras podemos falar de:

- **Significado literal (denotativo):** Atende ao sentido directo e exacto das palabras. Quérese dicir xustamente o que as palabras significan no dicionario.
- **Significado figurado (connotativo):** Trátase dun significado simbólico ou imaxinario. Ao empregalo non queremos dicir o que as palabras significan de verdade, senón que as comparamos con outra cousa co fin de crear outra imaxe.

Cando lle dicimos a alguén que está *como unha cabra*, que queremos dicir? Que se parece ao animal sinalado. Que actúa de maneira disparatada.

## As oracións predicativas e impersoais

### Oracións predicativas

As oracións predicativas, son as que contan con verbos predicativos (calar, xogar, bulir...) e poden ser de dous tipos:

- Persoal: contan con suxeito que expresa unha acción, proceso ou estado.
- Impersoal: a acción non pode atribuírse a ningún suxeito real.

As oracións copulativas son asque van cos verbos: ser, estar, parecer, semellar. Contan con suxeito, ao que lle atribúen unha cualidade.

### Oracións impersoais

Lembra que a maior parte das oracións impersoais aparecen con verbos de fenómeno meteorolóxico (*neva moito*) ou co verbo haber (*hai moita xente; hai tempo que non a vexo...*). E ollo, en galego non *fai frío*, senón que *vai frío*.



## Os textos xornalísticos

### Textos informativos

O seu obxectivo é informar con datos reais, sen mostrar opinións.

- **Nova:** contan feitos recentes, son claras, obxectivas e breves. Deben responder ás seis preguntas básicas: que, quen, cando, onde, como e por que.
- **Reportaxe:** a información que recollen é máis ampla que na nova. Inclúen explicacións, descricións e en ocasións testemuñas. Adoitan profundar en temas de interese social.
- **Entrevista:** trátase dunha conversa cunha persoa para coñecer a súa opinión ou experiencia dun tema. Conta con preguntas e respostas.

### Textos de opinión

O seu obxectivo é explicar ou defender unha opinión sobre un tema de actualidade.

- **Artigo de opinión:** está escrito por unha persoa experta ou colaboradora do xornal que expón as súas ideas persoais sobre un tema.
- **Editorial:** representa a opinión do xornal e non dun autor concreto, nunca aparece firmada e adoita tratar temas de actualidade.
- **Carta ao director:** está escrita por lectores ou lectoras que expresan opinións ou queixas sobre asuntos que lles afectan.

### Textos mixtos

O seu obxectivo é informar deixando ver a interpretación ou valoración do autor.

- **Crónica:** é un relato dos feitos no mesmo momento ou pouco despois de acontecer, combina información e valoración persoal.
- **Crítica:** é a opinión e valoración sobre temas culturais.

## A estrutura das novas

1. Titular: é o título da noticia e adoita resumir a idea principal. Debe chamar a atención do lector.
2. Subtítulo: é opcional. Amplía ou concreta o titular e pode engadir información clave.
3. Entradiña/Lead: está formado polo primeiro parágrafo, resume o esencial da noticia respondendo ás 6 preguntas clave, buscando captar o interese do lector.
4. Corpo: desenvolve toda a información. Normalmente inclúe: antecedentes, detalles dos feitos, declaracións, cifras, contexto, explicacións...
5. Peche: pode ofrecer unha conclusión ou mostrar as consecuencias dos feitos.
6. Elementos visuais: son opcionais. Trátase de fotos, gráficos, mapas...

## O debate

### Consellos para facer un bo debate

1. Comprender o tema: asegúrate de que coñeces ben o tema a defender. Se o tema é "transporte público VS transporte privado" pensa: estou a favor ou en contra? Por que?.
2. Prepara argumentos sinxelos: argumentos numéricos: baséanse en datos reais, cifras, estatísticas... Argumentos de autoridade: baséanse nunha persoa experta, nunha institución... Argumentos de exemplo: baséanse nun caso real.
3. Emprega a linguaxe non verbal: trátase de convencer ao adversario cos teus argumentos, polo que deberás: mirar ao público, manter unha postura firme ou usar as mans.
4. Actúa dende o respecto: atende as quendas de palabra (sé cooperativa/o). Emprega a cortesía (mostra acordo ou desacordo de maneira axeitada, non se pode ser groseira/o).



"Material descargable: Quen ten boca, ten pódcast!", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)